

2.2. Eixe 2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexa cada vez máis indispensable para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito, as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a inverter a dinámica demográfica de Galicia.

Nesta liña, resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial cómpre facer ás políticas de igualdade que, se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero debe estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

O eixe 2 artículase en cinco Prioridades de actuación:

- Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables.
- Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
- Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.
- Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables.
- Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeiada ás posibilidades de cada familia.


2.2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables

EIXE 2 BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL	
Prioridade de actuación	PA.2.1: Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.
Retos estratéxicos	<p>Consolidar un modelo sanitario innovador, sensible ás necesidades e preferencias da cidadanía, que fomente a implicación e motivación dos e das profesionais, que asegure a eficiencia na xestión, que actúe como motor de desenvolvemento económico e social de Galicia, que potencie a eficiencia investigadora e que estea orientado á atracción de investimentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que o/a paciente sexa o centro do sistema sanitario, reorientándoo cara á xestión integrada de enfermidades crónicas e baixo un enfoque de xestión por procesos que redunde en mellores resultados clínicos, adherencia aos tratamentos, e que fomente a responsabilidade do/a paciente coa súa enfermidade e co mantemento de estilos de vida saudables. ■ Aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e a comunicación para incrementar a accesibilidade da cidadanía ao sistema sanitario, potenciando os servizos non presenciais (central de chamadas, consulta telefónica, información e educación sanitaria, etc.). ■ Potenciar a estabilidade laboral dos e das profesionais e a súa implicación na xestión e na toma de decisións. ■ Potenciar o papel da enfermaría e da farmacia no seguimento das doenzas crónicas. ■ Planificar a formación de profesionais sanitarios especialistas en función da necesidade de equipas das diferentes especialidades (pediatría, anestesia, etcétera). ■ Adoptar medidas organizativas que melloren a capacidade resolutiva e diminúan os desprazamentos dos e das pacientes (consultas de alta resolución, telemedicina, e-consulta,...). ■ Impulsar un modelo de innovación sanitaria aberta que fomente a interacción entre a administración, as universidades, os centros sanitarios, as empresas e os/as pacientes. ■ Impulsar medidas de xestión que melloren a eficiencia (plataforma loxística, compras centralizadas, eficiencia enerxética,...). ■ Traballar para conseguir a sustentabilidade do sistema sanitario público coa complicitade e coa colaboración dos e das profesionais e o conxunto da cidadanía e, garantindo dende os gobernos o orzamento necesario. ■ Educar a cidadanía nun consumo responsable de fármacos e potenciar a prevención e a promoción da saúde en todas as etapas da vida para favorecer a sustentabilidade do sistema.

Liñas de actuación	<ul style="list-style-type: none"> ■ Promover a saúde e responder ás necesidades da cidadanía a través de dispositivos asistenciais e plans específicos. ■ Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dose das profesionais. ■ Xestionar os recursos de forma responsable e eficiente. ■ Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos/as. ■ Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas estratéxicas con tódolos axentes implicados. ■ Promover a modernización das infraestruturas sanitarias.
Planificación sectorial	<p>Plan de Prioridades Sanitarias. Estratexia SERGAS 2020. Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Plan Director TIC (en proceso de elaboración). Plan Estratéxico 2017 Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061. Plan Marco de Atención Sociosanitaria. Plan "Xermola" para a prevención da obesidade infantil en Galicia. Plan de Trastornos Aditivos de Galicia 2011-2016. Plan galego de fomento de actividade física - Galicia Saudable 2011-2015. Programa Xogade.</p>
Programas de gasto	<p>411A, 412A, 412B, 413A, 414A, 441A.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.1.01: Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social.
Diagnóstico	Segundo a enquisa de hábitos de actividade física e práctica deportiva levada a cabo no ano 2013, en Galicia produciuse un incremento da actividade do 15,65% respecto do 2007. Polo que respecta ao deporte competitivo, Galicia conta cun tecido deportivo asentado nas máximas categorías nacionais e internacionais, especialmente importante en modalidades estratéxicas como poden ser, entre outras, as ligadas á práctica acuática (vela, piragüismo, etc.) ou as que contan con presenza no Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Por outro lado requírese dunha maior consolidación das demais funcionalidades do feito deportivo, especialmente o ligado á economía.
Necesidades Retos	Fomentar a actividade física da poboación. Dispoñer das instalacións deportivas necesarias para a práctica deportiva. Incrementar a actividade deportiva na etapa escolar. Consolidar o deporte de alto nivel. Impulsar o deporte feminino.
Resultados que se pretende conseguir	Incrementar a práctica deportiva e a actividade física na poboación galega, o número de deportistas federados/as, de clubs, así como o número de deportistas de alto nivel.
Indicador de resultado	IR 2.1.01.a: Poboación que practica actividade física e deporte. IR 2.1.01.b: Escolares participantes en programas de promoción de vida activa e saudable. IR 2.1.01.d: Licenzas federativas.
Planificación relacionada co obxectivo	Plan galego de fomento de actividade física - Galicia Saudable 2011-2015. Programa Xogade.
Principais liñas de actuación	Fomento da actividade física mediante a ampliación do Plan Galicia Saudable. Actuacións de dinamización deportiva mediante a construción ou mellora das infraestruturas deportivas. Promoción do deporte escolar a través do programa Xogade (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar). Actuacións de promoción do deporte de alto nivel e de consolidación do deporte feminino. Axuda a docencia deportiva a través de axudas ao Instituto Nacional de Educación Física (INEF). Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas. Apoiar o deporte para persoas con discapacidade en todas as idades. Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte.

Principais indicadores de produtividade	Escolares participantes en programas de promoción de vida activa e saudable. Porcentaxe de práctica físico-deportiva dos galegos e das galegas. Recoñecementos de deportistas galegos/as de alto nivel. Escolares participantes nos campionatos galegos. Número de proxectos deportivos subvencionados.
Programas de gasto	441A: Promoción da actividade deportiva.



Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.1.02: Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.
Diagnóstico	<p>O envellecemento da poboación e a cronicidade das enfermidades obriga a cambiar o noso sistema. Cada vez temos pacientes máis maiores, de tal xeito que a porcentaxe de persoas por riba dos 65 anos xa alcanza na nosa comunidade o 23%, con máis enfermidades crónicas concomitantes. Preto de 800.000 teñen dúas ou máis enfermidades crónicas simultaneamente.</p> <p>No 2012, a esperanza de vida ao nacer en Galicia era de 82,5 anos, igual que a media española e por riba dos 79,2 da UE 28. O aumento da esperanza de vida supón un cambio epidemiolóxico e de priorización desde as enfermidades transmisibles ás non transmisibles. Nos datos da última enquisa publicada do Barómetro Sanitario (a do 2014, con datos do 2013) pode observarse que máis do 77% da cidadanía pensa que o sistema sanitario funciona ben ou bastante ben, practicamente 6 puntos de mellora sobre a enquisa publicada no 2009, con datos do 2008, e tamén por enriba da valoración global no total do SNS, que foi do 65,87%. Temos así o gran reto de seguir prestando o servizo público máis valorado pola cidadanía: segundo a enquisa do CIS, o 38% dos galegos e galegas opina que o máis importante para eles é a sanidade, moi por enriba de calquera outra prioridade.</p> <p>Dende Saúde Pública, debemos seguir contribuíndo á mellora da saúde da poboación galega a través de programas dirixidos a diminuír o risco de exposición a factores medio ambientais (alimentos, auga, etc.), a fomentar hábitos de vida saudables, e a protexer a poboación de certas enfermidades, ben a través da vacinación, ou dos programas de cribado ou de control de enfermidades transmisibles. Todas estas accións están dirixidas ao conxunto da poboación galega.</p> <p>Enfermidades crónicas como diabeite, cancro, enfermidade cardíaca isquémica, enfermidade pulmonar obstrutiva crónica ou enfermidades cerebrovasculares, son agora a principal causa de morbilidade e mortalidade evitable, así como de perda de calidade de vida. Estas enfermidades crónicas están relacionadas con diversos factores (consumo de tabaco, inactividade física, dieta, consumo de alcol,...) que conforman o estilo de vida das persoas e tamén co medio ambiente no que viven.</p>
Necesidades Retos	<p>Desenvolver sistemas que permitan salvagardar a confidencialidade, dispoñibilidade e calidade da información da nosa cidadanía.</p> <p>Acadar unha atención integral dos problemas de saúde da cidadanía, eliminando as barreiras entre os diferentes niveis asistenciais e superando a fragmentación da asistencia.</p> <p>Reorientar o sistema cara a xestión integrada de enfermidades crónicas, baixo un enfoque de xestión por procesos que redunde en mellores resultados clínicos, adherencia aos tratamentos, responsabilidade do paciente coa súa enfermidade e mellora da calidade de vida.</p> <p>Prestar unha atención integral dirixida a colectivos específicos que necesitan unha atención diferenciada (paciente ancián, nenos/as, muller e saúde mental), introducindo no sistema a sensibilidade ante as diferentes necesidades.</p> <p>Atender de forma integrada ás necesidades da poboación no ámbito socio sanitario baixo criterios de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade das accións das diferentes administracións públicas.</p> <p>Mellorar a accesibilidade da cidadanía ao sistema sanitario galego e a súa relación cos servizos sanitarios, e potenciar o sistema de interacción non presencial cos mesmos; aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación.</p>

Necesidades Retos	<p>Desenvolver actuacións encamiñadas á promoción de estilos de vida saudables e ao desenvolvemento de políticas de prevención da enfermidade.</p> <p>Fomentar a participación da cidadanía no sistema sanitario como forma de entender as súas necesidades e acadar a súa implicación e responsabilidade, tanto no sistema como coa súa propia saúde.</p> <p>Reforzar o papel da cidadanía, incorporando ao sistema sanitario valores tan importantes como o dereito de elección.</p> <p>Promover a formación, a investigación e a innovación sanitaria.</p> <p>Implantar sistemas de información intelixentes que soporten novos modelos para a prestación de servizos sanitarios e sociosanitarios en modalidades presenciais e non presenciais coa cidadanía -pacientes e coidadores/as.</p> <p>Reducir a variabilidade e mellorar a coordinación (calidade asistencial e seguridade do paciente)</p> <p>Fomentar a humanización e o bo trato.</p> <p>Mellorar a información dispoñible aos pacientes para mellorar o seu estado de saúde.</p> <p>Modificar os determinantes da saúde co obxectivo de acadar mellores niveis de saúde na poboación.</p> <p>Capacitar á poboación para a toma de decisións en pro da súa saúde.</p> <p>Desenvolver sistemas de información dos factores de risco para a saúde da poboación.</p> <p>Implantar a política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública.</p> <p>Coordinar a execución das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental.</p> <p>Executar as análises en materia de saúde pública no Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.</p> <p>Desenvolver o Plan para a prevención da obesidade infantil (Plan Xermola).</p> <p>Desenvolver o proxecto Estilos de vida activos no ámbito laboral (EVA-AL).</p> <p>Desenvolver o proxecto Estilos de vida activos en atención primaria (EVA-AP) en centros de saúde.</p> <p>Xestionar as actividades dos programas poboacionais de cribado (mama, colon, metabolopatías e xordeira) e a difusión da súa información.</p> <p>Elaborar e xestionar as ordes polas que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións a proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas e a proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida.</p> <p>Coordinar a actividade inspectora para o control da normativa referente ao consumo de tabaco.</p> <p>Desenvolver as actividades previstas nos programas de prevención e control de enfermidades transmisibles.</p>
Resultados que se pretende conseguir	<p>Protexer e promover a saúde e previr a enfermidade.</p> <p>Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan.</p> <p>Mellorar a “consideración” e “accesibilidade” na prestación dos servizos.</p> <p>Orientar a estrutura de prestación de servizos cara as necesidades dos e das pacientes. Atención á Cronicidade.</p> <p>Avanzar no empoderamento dos e das pacientes.</p> <p>Mellorar o sentimento de propiedade e responsabilidade da cidadanía sobre o SERGAS.</p>

Indicador de resultado	<p>IR 2.1.02.a % de persoas que pensan que o sistema funciona ben ou moi ben conforme ao barómetro sanitario.</p> <p>IR 2.1.02.b Tempo medio de espera (días) en Atención Primaria para as citas de tipo demanda do Médico de Familia e Pediatra.</p> <p>IR 2.1.02.c Tempo medio de espera (días) cirúrxica das patoloxías de prioridade 1.</p> <p>IR 2.1.02.d Tempo medio de espera (días) das primeiras consultas de enfermidade.</p> <p>IR 2.1.02.e % de poboación cuberta cos diferentes cribados poboacionais. (cancro de mama; cancro de colon; xordeira neonatal; metabolopatías).</p> <p>IR 2.1.02.f % de cobertura vacinal (primovacunación).</p> <p>IR 2.1.02.g % de nenos/as con obesidade e sobrepeso.</p> <p>IR 2.1.02.h Porcentaxe de consultas telefónicas.</p> <p>IR 2.1.02.i % de altas hospitalarias en seguimento polo programa Conecta 72.</p> <p>IR 2.1.02.k Porcentaxe de programas implantados de e-interconsultas</p> <p>IR 2.1.02.l % de eventos adversos nos que se realizan análise para a mellora.</p>
Planificación relacionada co obxectivo	<p>Plan de Prioridades Sanitarias 2014-2016.</p> <p>Estratexia SERGAS 2020.</p> <p>Plan Estratégico 2017 Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.</p> <p>Plan Marco de Atención Sociosanitaria.</p> <p>Plan "Xermola" para a prevención da obesidade infantil en Galicia.</p> <p>Plan de Trastornos Aditivos de Galicia 2011-2016.</p>
Principais liñas de actuación	<p>Fomentar a promoción da saúde e a prevención da enfermidade.</p> <p>Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.</p> <p>Xestionar os recursos de atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.</p> <p>Promover a participación e comunicación cos e coas pacientes e asociacións.</p> <p>Mellorar os coñecementos de pacientes e da cidadanía con respecto á súa saúde.</p> <p>Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos/as.</p> <p>Integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.</p> <p>Elaborar unha nova estratexia de Saúde Mental coa maior participación e consenso posible.</p> <p>Promover a formación dos profesionais co obxectivo de mellorar as súas capacidades para responder con efectividade e calidade aos retos do Sistema Sanitario Público de Galicia.</p>

**Principais
indicadores
de
produtividade**

Número de novos programas de telemedicina ou de alternativas á hospitalización convencional.

Nº Consultas en primaria.

Nº Consultas en especializada.

Número de citas telefónicas.

Número de unidades de sangue subministradas ás EXI.

Nº de doazóns de cordón umbilical.

Nº de probas diagnósticas realizadas.

Número de controis de protección radiolóxica.

Número de informes de procedementos técnicos.

Nº Resonancias magnéticas.

Nº de GAMMAGRAFÍAS e PET.

% de persoas adultas vacinadas.

% de nenos/as vacinados/as (primovacinação).

% poboación diana participante no programa de cribado de cancro de mama.

% poboación diana participante no programa de cribado de cancro de colon.

% de nenos/as atendidos/as no programa de cribado de metabolopatías.

% de nenos/as atendidos no programa de cribado de xordeira neonatal.

Nº de proxectos financiados en atención e/ou prevención en drogodependencias, VIH e Saúde Mental.

Número de actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

Nº actividades formación continuada.

% de Facultativos Internos Residentes participantes nas actividades formativos dos programas de apoio ao MIR.

Nº de tarxetas sanitarias emitidas.

Nº de campañas de difusión e promoción.

Nº de persoas ás que chega a información.

Porcentaxe de poboación cuberta por ambulancia asistencial soporte vital básico en menos de 15 minutos.

Porcentaxe de poboación cuberta por ambulancia asistencial soporte vital avanzado en menos de 20 minutos.

Nº de persoas usuarias atendidos (homes).

Nº de persoas usuarias atendidas (mulleres).

Nº de consultas realizadas.

Nº de actividades realizadas.

Nº de axudas concedidas (drogas-VIH).

Nº de implantes.

Nº de persoas usuarias prestación ortoprotésica.

Nº de produtos dispensados.

Nº de aplicacións informáticas en Saúde Pública.

Nº de kits distribuídos no programa de inxección hixiénica e redución do dano en persoas usuarias de drogas inxectables (UDI).

Nº de intervencións de prevención do botellón.

Nº de visitas á plataforma Xente con Vida.

	<p>Nº total de mostras procesadas polo laboratorio de Saúde Pública de Galicia.</p> <p>Nº de enquisas realizadas sobre condutas de risco.</p> <p>Nº de fichas metodolóxicas elaboradas para vixilancia das enfermidades crónicas.</p> <p>Nº de unidades de control oficial realizadas.</p> <p>Nº de determinacións analíticas en alimentos.</p> <p>Nº de determinacións analíticas no ámbito de sanidade ambiental.</p> <p>Nº de tratamentos supervisados de tuberculose.</p>
Programas de gasto	<p>411A: Dirección e Servizos Xerais de Sanidade.</p> <p>412A: Atención especializada.</p> <p>412B: Atención Primaria.</p> <p>413A: Protección e promoción da saúde.</p> <p>414A: Formación de Graduados e Postgraduados.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.1.03: Xerar as condicións necesarias para conseguir profesionais comprometidos/as e coidados/as pola organización, utilizando as vantaxes das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e desenvolvendo uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.
Diagnóstico	<p>No Sistema Sanitario Público de Galicia traballan máis de 37.000 profesionais que fan posible un servizo de calidade e os resultados da organización.</p> <p>Unha organización como o Servizo Galego de Saúde asume que o máis importante para acadar os seus obxectivos é o coidado e a implicación dos e das profesionais.</p> <p>Galicia é neste momento unha referencia no Sistema Nacional de Saúde no que se refire ao desenvolvemento das TIC. Tanto nas áreas de diagnóstico e tratamento, como nas relativas á prevención, á investigación, á planificación e á xestión.</p> <p>A historia clínica electrónica, en proceso constante de actualización e mellora, é probablemente o mellor expoñente disto, unha ferramenta absolutamente consolidada na súa utilización e que é un modelo na integración de todos os centros e niveis asistenciais.</p> <p>A plataforma de innovación e os proxectos Innova Saúde e Hospital 2050 supoñen unha nova aposta pola innovación como ferramenta para mellorar os resultados e facilitar o traballo dos seus profesionais.</p>
Necesidades Retos	<p>Implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que faciliten tanto á poboación como aos e ás profesionais unha mellor xestión da saúde, e dos servizos que posibiliten unha mellor organización dos recursos sanitarios para atender á cidadanía.</p> <p>Implantar tecnoloxía e sistemas de información innovadores que proporcionen novos modelos de xestión dos recursos humanos.</p> <p>Dispoñer de sistemas de información que permitan avanzar no modelo de xestión integrada, xestión por procesos e xestión clínica.</p> <p>Dotar aos e ás profesionais da organización de ferramentas informáticas que lles faciliten o traballo, aumenten a súa capacitación e rendemento e favorezan o cumprimento de obxectivos da organización sanitaria.</p> <p>Desenvolver un novo modelo de xestión do coñecemento da organización.</p>
Resultados que se pretende conseguir	<p>Mellorar o coidado dos bos e boas profesionais dende a súa entrada no sistema.</p> <p>Implicar aos profesionais na xestión do sistema.</p> <p>Aumentar a capacidade resolutiva dos e das profesionais.</p> <p>Mellorar a comunicación coa sociedade, pacientes e profesionais.</p> <p>Fortalecer a responsabilidade e capacidade do persoal directivo da organización.</p> <p>Aumentar a credibilidade dos xestores do sistema.</p> <p>Impulsar a xestión do coñecemento.</p>
Indicador de resultado	<p>IR 2.1.03.a % Implantación historia clínica electrónica.</p> <p>IR 2.1.03.b % Implantación receita electrónica.</p> <p>IR 2.1.03.c % Especialidades e centros de primaria que utilizan os sistemas de telemedicina.</p> <p>IR 2.1.03.d N.º total de accesos a libros electrónicos.</p> <p>IR 2.1.03.e N.º de descargas de artigos científicos de revistas electrónicos.</p> <p>IR 2.1.03.f Nº profesionais con expedient-e.</p>

Planificación relacionada co obxectivo	Plan de Prioridades Sanitarias. Estratexia SERGAS 2020. Plan de Reordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Plan Director TIC (en proceso de elaboración).
Principais liñas de actuación	Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS. Proporcionar aos e ás profesionais recursos para facilitar a súa toma de decisións e a actualización dos seus coñecementos.
Principais indicadores de produtividade	Nº de e-interconsultas. Nº procesos selectivos/concursos de traslados soportados por baremación automática (e-expediente). Nº de persoas que participan en procesos selectivos/concursos de traslados. Nº de descargas realizadas. Nº de publicacións bibliosaúde. Nº Visitas á Escola Galega Saúde para Cidadáns. % Chamadas resoltas nos centros de atención de usuarios/as. % Crecemento dos sistemas de almacenamento. % Incremento do ancho de banda das liñas de comunicación. Poboación beneficiada polos servizos dixitais de xestión patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de e-saúde.
Programas de gasto	411A: Dirección e Servizos Xerais de Sanidade.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.1.04: Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.
Diagnóstico	<p>No 2015 o orzamento en Sanidade é de 3.410,27 millóns de €, o 40,4 % da capacidade de gasto da Xunta de Galicia, o que supón un gasto sanitario por habitante de 1.241 euros. As diferenzas nos sistemas sanitarios dos países desenvolvidos son moi amplas e abranguen aspectos tan relevantes como o grao de cobertura, o financiamento, a natureza pública ou privada da provisión dos servizos ou a organización administrativa e territorial do sistema.</p> <p>A racionalización do gasto sanitario é un dos retos máis importantes aos que se enfrontan as políticas públicas. Malia que o progresivo envellecemento da nosa poboación é un factor fundamental que premerá á alza o gasto sanitario futuro, non é o único factor relevante. Por iso a xestión eficiente é imprescindible como garantía de sustentabilidade dun sistema. Debemos, por tanto, procurar a correcta utilización dos recursos da forma máis efectiva e eficiente posible.</p>
Necesidades Retos	<p>Realizar unha xestión rigorosa dos recursos, promovendo a eficiencia na utilización dos servizos e na definición de estruturas organizativas; e aplicando o máximo rigor na toma de decisións.</p> <p>Fomentar a prescrición eficiente.</p> <p>Lograr unha mellora da calidade, un incremento da eficiencia e un aumento da produtividade na actividade de diagnóstico por imaxe e laboratorios clínicos dos centros sanitarios, utilizando as posibilidades de traballo en rede.</p> <p>Mellorar a xestión integral da loxística dos centros sanitarios, buscando a axilidade e a correcta subministración, coa máxima eficiencia en custos, mediante a compra centralizada.</p> <p>Promover medidas de aforro enerxético, económico e de emisións ambientais mediante a eficiencia enerxética.</p> <p>Optimizar nos centros sanitarios a carteira de servizos, técnicas, tecnoloxías e procedementos sanitarios definidos pola Consellería de Sanidade, tendo en conta a accesibilidade dos pacientes e a adecuación dos servizos ou especialidades de referencia.</p> <p>O Servizo Galego de Saúde debe implicarse co desenvolvemento do tecido industrial e de servizos galego.</p>
Resultados que se pretende conseguir	<p>Mellorar a eficiencia no gasto sanitario.</p> <p>Implicar aos axentes sociais nos proxectos de mellora do sistema.</p> <p>Establecer modelos de asignación de recursos para mellorar a equidade.</p> <p>Fomentar a investigación e a innovación.</p> <p>Converterse nun referente na Responsabilidade Social Corporativa.</p> <p>O Servizo Galego de Saúde un pilar fundamental no desenvolvemento sostenible de Galicia.</p>
Indicador de resultado	<p>IR 2.1.04.a Porcentaxe de prescrición de xenéricos.</p> <p>IR 2.1.04.b Porcentaxe de prescrición de omeprazol no conxunto de Inhibidores da bomba de protóns.</p> <p>IR 2.1.04.c Porcentaxe de utilización dos medicamentos biosimilares.</p> <p>IR 2.1.04.d Porcentaxe de produtos unificados coa plataforma loxística.</p> <p>IR 2.1.04.e Centros con mellora da eficiencia enerxética.</p>

Planificación relacionada co obxectivo	Plan de Prioridades Sanitarias. Estratexia SERGAS 2020. Plan Integral de Eficiencia Enerxética.
Principais liñas de actuación	Promover o uso eficiente e responsable dos recursos. Estudar a ampliación da carteira sanitaria no relativo á odontoloxía, óptica/optometría, audioloxía e podoloxía; dando prioridade á implantación das prestacións con maior beneficio social.
Principais indicadores de produtividade	Custe medio por receita. Porcentaxe de prescrición de especialidades farmacéuticas xenéricas. Prezo medio de receita de estatinas. Nº contratos tramitados a través da modalidade compra pública de tecnoloxía innovadora. Número de contratos vehiculizados pola central de compras. Nº de entregas realizadas ás unidades de consumo. Nº de prazas vinculadas.
Programas de gasto	412A: Atención especializada. 412B: Atención Primaria. 489.0: Programas especiais de farmacia.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.1.05: Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.
Diagnóstico	O Servizo Galego de Saúde conta con 14 hospitais, máis de 480 centros de saúde e consultorios, e por riba de 90 Puntos de Atención Continuada (PACs). Anualmente realízanse 25 millóns de Consultas en centros de saúde, 4,2 millóns de consultas nos hospitais, 187.000 intervencións cirúrxicas, 1 millón de Urgencias hospitalarias e 1,4 millóns de Urgencias nos puntos de atención continuada (PACs).
Necesidades Retos	Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias hospitalarias para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos e das profesionais. Renovar e modernizar os edificios da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos e das profesionais. Dispoñer de equipamento tecnolóxico moderno, axeitado ás necesidades asistenciais actuais e de futuro, asegurar o seu mantemento e a súa renovación. Manter a utilización de fórmulas de financiamento e xestión que permitan realizar os investimentos necesarios para a renovación das infraestruturas e independizalas do ciclo económico.
Resultados que se pretende conseguir	Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible. Adecuar os centros do servizo sanitario público ás necesidades da poboación e dos e das profesionais. Contar con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e cuns estándares de confort axeitados. Dispoñer do equipo tecnolóxico moderno, efectivo e eficiente preciso para dar resposta ás necesidades asistenciais. Fomentar a docencia, a investigación e a innovación, mellorando os espazos destinados para tal fin. Contribuír ao desenvolvemento económico mediante a inversión en infraestruturas sanitarias.
Indicador de resultado	IR 2.1.05.a: % de poboación con centros de saúde novos e/ou mellorados. IR 2.1.05.b: % de poboación con infraestruturas hospitalarias novas e/ou melloradas.
Planificación relacionada co obxectivo	Plan de Prioridades Sanitarias. Estratexia SERGAS 2020.
Principais liñas de actuación	Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención hospitalaria. Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención primaria.
Principais indicadores de produtividade	Número de equipos de alta tecnoloxía sobre os que se actúa. Número de centros de saúde construídos e/ou mellorados. Número de centros hospitalarios construídos e/ou mellorados. Número de servizos reformados e/ou mellorados.
Programas de gasto	412A: Atención especializada. 412B: Atención primaria.

Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>Ol.2.1.01: Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema sanitario de Galicia.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Actuacións de soporte aos servizos administrativos do sistema sanitario de Galicia.	411A



2.2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes

EIXE 2 BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL	
Prioridade de actuación	PA.2.2: Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
Retos estratéxicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS. <ol style="list-style-type: none"> 1.1 Difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade. 1.2 Difundir os dereitos das persoas maiores. 1.3 Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco. 1.4 Reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores. 2. ENVELLECIMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL: <ol style="list-style-type: none"> 2.1 Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable. 2.2 Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións. 2.3 Potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado incidindo nun principio de solidariedade interpersonal. 2.4 Promover o acceso e participación das persoas maiores a actividades culturais, de ocio e tempo libre. 2.5 Potenciar a participación e valorizar as contribucións das persoas maiores ao desenvolvemento socio económico e profesional das traballadoras e dos traballadores de Galicia. 3. PRESTACIÓN DE SERVICIOS CON EFICACIA E CALIDADE. <ol style="list-style-type: none"> 3.1 Ampliar o catálogo de recursos e prestacións dispoñibles para mellorar a calidade de vida das persoas maiores que residen no seu fogar. 3.2 Potenciar o desenvolvemento de recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, particularmente daquelas persoas que presentan algún tipo de limitación no seu grado de autonomía persoal. 3.3 Avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia non poidan seguir residindo no seu contorno habitual. 3.4 Promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores. 3.5 Asegurar que o desenvolvemento do catálogo de programas, servizos e recursos destinados ás persoas maiores se realice atendendo aos principios da calidade. 3.6 Promover o desenvolvemento de novos recursos, programas e servizos destinados á atención ás persoas maiores mediante a posta en marcha de actuacións altamente intensivas en termos de I+D+i.

<p>Retos estratéxicos</p>	<p>4. COOPERACIÓN TRANSVERSAL.</p> <p>4.1 Establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que existen unha actuación conxunta.</p> <p>4.2 Desenvolvemento de sinerxías cara ao eido local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das políticas autonómicas.</p> <p>4.3 Promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación supraautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan</p> <p>4.4 Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013,</p>
<p>Planificación sectorial</p>	<p>Plan galego das persoas maiores.</p> <p>Programa de localización e control voluntario de persoas en situación de especial vulnerabilidade.</p> <p>Programa de teleasistencia avanzada.</p> <p>Estratexia de detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.</p> <p>Programa de voluntariado para persoas con Alzheimer.</p> <p>Programa respiro familiar.</p> <p>Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.</p>
<p>Programas de gasto</p>	<p>312D, 312E.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.2.01: Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.
Diagnóstico	Galicia é a 5ª C.A con maior poboación maior de 65 anos (647.015) e poboación con discapacidade igual ou superior ao 33% (233.774), en ambos colectivos superior á media española. A porcentaxe de poboación maior de 65 anos sobre o total da poboación é do 23,54%, a maior de España. Na actualidade o 65,51% da poboación recoñecida con dereito de atención está a recibir unha prestación a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).
Necesidades Retos	Atender o considerable incremento de persoas dependentes, necesitadas de atención en Galicia (65.310 en 2015, 75.000 estimados en 2020). Diminuír a fenda de 4,62 puntos coa medida nacional de porcentaxe que recibe prestación sobre a poboación recoñecida con dereito a atención, e atender ao incremento de demandantes pola incorporación do grao I en xullo de 2015. Crear emprego vinculado ao SAAD e sinerxía co sistema sanitario.
Resultados que se pretende conseguir	Mellorar a calidade de vida da poboación maior e dependente mediante a cobertura da demanda do colectivo malia o incremento que se está a producir na poboación necesitada de asistencia do SAAD.
Indicador de resultado	IR 2.2.01: Porcentaxe de persoas atendidas sobre o total de persoas recoñecidas cun grao implantado.
Planificación relacionada co obxectivo	Estratexia para a prevención e a detección precoz da dependencia en Galicia 2020. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015 e novo documento de programación.
Principais liñas de actuación	Incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais. Incremento das prestacións económicas do SAAD.
Indicadores de produtividade	Nº de novos servizos/prestacións creados cada ano. Persoas atendidas nos servizos, desagregados por sexo. (desagregado por servizo).
Programas de gasto	312D: Programa de Atención á Dependencia.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.2.02: Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como prever as situacións de dependencia.
Diagnóstico	<p>Os datos actuais amosan que Galicia é a que maior porcentaxe de poboación maior de 65 anos ten de España, co 23,55%, cun progresivo envellecemento da poboación.</p> <p>No que atinxe a poboación con discapacidade, en Galicia o nº de persoas que se atopan nesta situación é de 233.774 (datos a 31/12/2013 Censo Persoas con Discapacidade) (o 51,52% mulleres), sendo Galicia a 5ª comunidade autónoma con máis persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e a 4ª C.A. en porcentaxe sobre a poboación total (8,38%), 1,05 puntos por enriba da media estatal (7,33%). A maioría da poboación feminina que presenta algunha discapacidade ten máis de 65 anos, namentres que só o 40% dos homes que teñen algunha discapacidade superan os 65 anos.</p>
Necesidades Retos	<p>Actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade, promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades destas persoas, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia.</p> <p>Avanzar no desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia.</p> <p>Promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.</p>
Resultados que se pretende conseguir	<p>Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade.</p> <p>Mellorar a atención ás persoas maiores e discapacitadas, e aumentar a esperanza de vida libre de dependencia.</p>
Indicador de resultado	<p>IR 2.2.02.a: % de poboación maior á que se dirixen os programas de prevención da dependencia sobre a poboación maior de 55 anos.</p> <p>IR 2.2.02.b: % de persoas con discapacidade que participan en programas de promoción da autonomía persoal sobre o total de persoas con discapacidade que o solicitaron.</p>
Planificación relacionada co obxectivo	<p>Estratexia para a prevención e a detección precoz da dependencia en Galicia 2020.</p> <p>Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.</p> <p>Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015 e novo documento de programación.</p>

Principais liñas de actuación	<p>Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal: fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación.</p> <p>Favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible.</p> <p>Promover unha vida autónoma e activa, principalmente mediante solucións TIC e novos recursos para actividades preventivas e hábitos saudables.</p> <p>Facilitar a accesibilidade universal como requisito para unha vida autónoma. Impulsar a accesibilidade nos fogares para as persoas con diversidade con medidas de adaptación dos fogares e outras achegas.</p> <p>Fomentar o desenvolvemento do dereito do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade segundo a normativa vixente.</p> <p>Promover o cumprimento das obrigas da empresa privada en materia de cotas de diversidade.</p>
Indicadores de produtividade	<p>Persoas atendidas nos servizos (desagregados por sexo) (desagregado por servizo).</p> <p>Nº persoas de 55 ou máis anos, desagregado por sexo, que participan en programas de prevención da dependencia.</p> <p>Nº de persoas con discapacidade, por sexo, que participan en programas de promoción da autonomía persoal.</p> <p>Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social.</p>
Programas de gasto	<p>312E: Servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia destinados ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.</p>

2.2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

EIXE 2 BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL	
Prioridade de actuación	PA.2.3: Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.
Retos estratéxicos	<p>Á vista das características sociodemográficas que presenta a nosa comunidade autónoma, entre elas, a tendencia do envellecemento poboacional e a diminución no número de nacementos, a composición dos fogares e o nivel e destino dos seus ingresos e gastos, o emprego de recursos socioeducativos para a atención das necesidades dos seus membros, e tendo en conta as recomendacións realizadas dende a Asemblea Xeral de Nacións Unidas de adoptar medidas concretas para a mellora do benestar da familia, o Plan Galego de Política Familiar contempla os seguintes obxectivos xerais:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Dotar ás familias dos servizos, recursos e medidas necesarios para apoiar o papel que desenvolven na sociedade. 2. Dar resposta ás necesidades das familias ante situación especiais. 3. Establecer os mecanismos para o apoio á maternidade/paternidade. 4. Promover que os pais e nais teñan as ferramentas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade. Facilitar a conciliación laboral e familiar da poboación mediante servizos complementarios (comedor e transporte escolar). 5. Promover novos modelos de educación familiar para a mellora das pautas na crianza dos e das menores, baseados na parentalidade positiva. 6. Sensibilizar á sociedade en xeral sobre a importancia da familia e a súa incidencia no estado de benestar. <p>Especialización da cooperación galega, aproveitando as nosas vantaxes comparativas e a nosa experiencia nalgúns eidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Cooperación participativa. ■ Aumento da eficacia e o impacto das actuacións de cooperación. ■ Establecemento de prioridades xeográficas e sectoriais que permitan unha maior concentración das axudas. ■ Coordinación e complementariedade con todas as administracións que traballan no eido da cooperación. ■ Busca de fontes alternativas de financiamento.

Retos estratéxicos	<p>O plan de política familiar atende aos dereitos sociais fundamentais que repercuten directamente na vida familiar: o emprego, a vivenda, a sanidade, a educación e a protección social recollidos na recomendación do Comité de Ministros aos Estados Membros sobre políticas de apoio á parentalidade positiva (2006). Para a consecución dos citados obxectivos, dende os diferentes departamentos da Xunta de Galicia programáronse 186 medidas que se agrupan en seis áreas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Área 1: Convivencia familiar (78 medidas). ■ Área 2: Educación (19 medidas). ■ Área 3: Conciliación persoal, familiar e laboral (41 medidas). ■ Área 4: Saúde (16 medidas). ■ Área 5: Vivenda e transporte (16 medidas). ■ Área 6: Ocio, deporte e voluntariado (16 medidas). <p>Por outra banda, é preciso seguir cumprindo cos obxectivos e medidas previstas no Pacto Galego contra a pobreza e pola infancia e polo que se refire á loita contra a pobreza infantil é unha prioridade de toda a acción da Xunta de Galicia que busca de protexer á infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza entre xeracións. A atención das e dos menores que se atopan en situación ou risco de exclusión social tenta igualar as posibilidades de ter un bo rendemento escolar, de gozar de boa saúde e de aproveitar todo o seu potencial nas fases posteriores da súa vida</p>
Planificación sectorial	<p>Plan de Dinamización Demográfica para Galicia 2013-2016, horizonte 2020.</p> <p>Programa de apoio á natalidade.</p> <p>Estratexia de Apoio para as Familias Numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.</p> <p>Estratexia de apoio a infancia e adolescencia (EGIA) 2016-2020.</p> <p>Plan galego de política familiar 2015-2018, horizonte 2020 (en proceso de elaboración).</p> <p>Plan de formación de servizos sociais comunitarios 2014.</p> <p>VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015.</p> <p>Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2014-2016, Horizonte 2020, Xuventude 2016.</p>
Programas de gasto	<p>311A, 312B, 312F, 312G, 313A, 331A, 423A.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.3.01: Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.
Diagnóstico	Galicia é na actualidade a terceira Comunidade Autónoma co índice de fecundidade máis baixo do Estado e tamén a segunda comunidade cun maior índice de envellecemento. Así mesmo, a evolución no modelo da familia, a incorporación da muller ao mercado laboral, as demandas de escolarización cada vez a idades máis temperás e sobre todo a necesidade de compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral fan necesaria unha planificación global para dar cobertura ás necesidades da sociedade actual a posta a disposición de recursos de atención á familia e á infancia. Ademais, en Galicia hai ao redor de 1.494 persoas menores tuteladas pola Administración por terse apreciado que se atopaban en situación de desamparo, así como outros 2.446 menores beneficiarios de programas de prevención ou apoio por atoparse en situación de risco. 1.042 persoas menores viven cunha familia de acollida, 120 cunha familia coa que carecen de vínculos de parentesco (acollemento familiar en familia allea) e 922 cos seus parentes (acollemento familiar en familia extensa).
Necesidades Retos	Facer fronte ao problema demográfico de Galicia e atender as necesidades das familias, co obxectivo de acadar a súa protección integral na orde xurídica, económica e social, así coma a dos seus membros especialmente nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou de responsabilidade penal.
Resultados que se pretende conseguir	Acadar a taxa de recambio xeracional (2,1 fillos/as por muller). Favorecer a natalidade e mellorar as condicións das familias e dos e das menores galegos.
Indicador de resultado	IR 2.3.01.a: Taxa bruta de natalidade (Número de nacementos por cada 1.000 habitantes). IR 2.3.01.b: Porcentaxe de menores en situación de acollemento familiar sobre menores en situación de acollemento (residencial e familiar). IR 2.3.01.c: Taxa de escolarización de poboación de 0 a 3 anos.
Planificación relacionada co obxectivo	Plan de Dinamización Demográfica para Galicia 2013-2016, horizonte 2020. Programa de apoio á natalidade. Estratexia de Apoio para as Familias Numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020. Estratexia galega para a infancia e adolescencia (EGIA) 2016-2020. Plan galego de política familiar 2015-2018, horizonte 2020 (en proceso de elaboración). Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia (pendente publicación).
Principais liñas de actuación	Impulsar a natalidade e o benestar das familias dándolle prioridade a aquelas de especial consideración (numerosas, monoparentais, acolledoras, con fillos/as ou maiores con discapacidade a cargo) e fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Indicadores de produtividade	<p>Capacidade de coidado de nenos e nenas ou de infraestruturas de educación subvencionadas.</p> <p>Novas prazas públicas de escolas infantís.</p> <p>Familias beneficiarias da prestación por fillo/a menor a cargo.</p> <p>Familias beneficiarias da tarxeta benvida.</p> <p>Menores en situación de acollemento residencial.</p> <p>Menores participantes nos programas de inserción sociolaboral e de preparación para a vida ordinaria.</p> <p>Menores e familias beneficiarias de programas de integración familiar e socioeducativos.</p>
Programas de gasto	<p>312B: Programas de prestacións ás familias e á infancia.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.3.02: Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades.
Diagnóstico	A situación económica actual supón unha difícil conxuntura polo aumento das necesidades sociais e os ámbitos de actuación. Na actualidade existen 827 entidades no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, calculándose que preto de 36.700 persoas voluntarias colaboran dun ou doutro xeito nos programas que estas desenvolven e obsérvase un aumento do número de persoas que desexan participar no voluntariado.
Necesidades Retos	Promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as necesidades que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, en especial da mocidade.
Resultados que se pretenden conseguir	Incrementar a participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria que contribúen ao impulso da igualdade de oportunidades, a inclusión social e á mellora dos servizos sociais.
Indicador de resultado	IR 2.3.02 a: Entidades inscritas no rexistro de voluntariado galego. IR 2.3.02 b: Persoas inscritas no rexistro de voluntariado galego.
Planificación relacionada co obxectivo	Estase deseñando a Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018 , anterior III Plan Galego de Acción Voluntaria (2011-2014).
Principais liñas de actuación	Elaborar novos programas de voluntariado e plans de formación co obxecto de dar saída ás demandas de participación e mellorar a preparación e calidade do voluntariado. Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e promover a inscrición das experiencias das persoas voluntarias que faciliten a certificación dos mesmos.
Indicadores de produtividade	Participantes en proxectos de voluntariado (desagregado como mínimo por sexo e idade). Proxectos de voluntariado realizados.
Programas de gasto	312F: Programas de solidariedade.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.3.03: Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica.
Diagnóstico	<p>O 94,1% das mulleres realizan tarefas domésticas e ocúpanse do coidado de nenos/as, maiores e persoas dependentes durante 4 horas e 31 minutos diarios, fronte ao 70,6% dos homes que dedican 2 horas e 40 minutos. En 2014, a taxa de actividade das mulleres de 16 a 64 anos é do 69%, 8 puntos inferior á dos homes.</p> <p>En 2012 a porcentaxe de mulleres sobre os traballadores con nenos menores de 13 anos que reducen a xornada está 47 puntos por encima dos homes e o das que flexibilizan ou coordinan o horario de traballo é 11 puntos superior.</p>
Necesidades Retos	<p>Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres.</p> <p>Favorecer o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes, contribuíndo tamén así a facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral e evitando o seu abandono.</p>
Resultados que se pretende conseguir	A corresponsabilidade e compatibilidade dos tempos de traballo, persoais e familiares e a mellora das condicións de igualdade das mulleres na sociedade e no mercado de traballo.
Indicador de resultado	IR 2.3.03.a: Excedencias para coidado de fillos/as e familiares solicitadas por mulleres en comparación cos homes.
Planificación relacionada co obxectivo	VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015.
Principais liñas de actuación	<p>Apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.</p> <p>Medidas de fomento da corresponsabilidade.</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade.</p> <p>Homes/familias monoparentais que reduciron a súa xornada laboral.</p> <p>Número de actividades de conciliación.</p> <p>Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións.</p> <p>Persoas con emprego, incluídos os traballadores e traballadoras por conta propia, desagregadas por sexo.</p> <p>Persoas menores de 25 anos de idade, desagregadas por sexo.</p>
Programas de gasto	312G: Conciliación da vida persoal e laboral e outros servizos de protección social.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.3.04: Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade.
Diagnóstico	<p>Os mozos e mozas galegos son un grupo de poboación con grandes potenciais debido á mellora da súa formación, ao talento e á capacidade emprendedora. Galicia presenta unha porcentaxe de persoas de entre 30 e 34 anos que completaron os estudos superiores moi por encima da media da UE e tamén da española.</p> <p>Pero tamén se trata dun colectivo con grandes dificultades e obstáculos para o seu desenvolvemento. Aspectos como o elevado desemprego xuvenil, a precarización das súas condicións salariais e económicas, o retraso na emancipación, constitúen algúns dos principais problemas aos que se enfronta hoxe en día a mocidade galega, así como a do Estado no seu conxunto. O principal problema para a xuventude en Galicia, igual que no resto do Estado, é o do desemprego, que en 2014 acadou unha taxa de paro do 48,5% para a poboación entre 16 e 24 anos, por debaixo da cifra nacional pero superando a taxa europea.</p>
Necesidades Retos	Conseguir que os mozos e mozas galegos adquiren unha serie de competencias, destrezas e capacidades altamente valoradas polos empregadores, distintas das derivadas da educación formal ou regrada, e que complementan seu currículo académico. Competencias como o traballo en equipo, a responsabilidade, habilidades comunicativas, o sentido da iniciativa e a autoconfianza, entre outras.
Resultados que se pretende conseguir	Instrumentar, fomentar e propiciar as condicións de aprendizaxe, oportunidade e experiencia que aseguren e faciliten o desenvolvemento do seu coñecemento, habilidades e competencias para xogar un papel activo na sociedade civil e especialmente no mercado de traballo
Indicador de resultado	IR 2.3.04: Mozos/as participantes en programas de educación non formal que adquiren competencias vinculadas á empregabilidade.
Planificación relacionada co obxectivo	Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016, Horizonte 2020, Xuventude 2016.
Principais liñas de actuación	<p>Fomentar e apoiar os programas de mobilidade transnacional xuvenil, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas.</p> <p>Impulsar a participación dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores.</p>
Indicadores de produtividade	<p>Mozos e mozas beneficiarios ou participantes.</p> <p>Proxectos executados.</p>
Programas de gasto	313A: Servizos á xuventude.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.3.05: Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquiera as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.
Diagnóstico	En Galicia hai 288.126 alumno/as en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, distribuídos en 1.286 centros educativos dos que o 83% son públicos. As unidades en funcionamento para impartir estas ensinanzas ascende a 14.644.
Necesidades Retos	Fomentar a utilización de todos os resortes complementarios á educación académica e apoiar e dar cobertura a todos os axentes implicados no acceso e mantemento nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria do alumnado galego.
Resultados que se pretende conseguir	Eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego. Mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.
Indicador de resultado	IR 2.3.05.a: Alumnado beneficiario dos servizos e das axudas complementarios da ensinanza. IR 2.3.05.b: Resultado obtido nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación do alumnado de educación primaria. IR 2.3.05.c: Resultado obtido nas probas de comprensión lingüística nas probas de avaliación do alumnado de educación secundaria.
Planificación relacionada co obxectivo	Plan Proxecta . 2ª fase do Plan galego de potenciación de linguas estranxeiras 2015-2020 . Plan LÍA 2010/2015 de Bibliotecas Escolares para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe.
Principais liñas de actuación	Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios. Mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.
Principais indicadores de produtividade	Alumnado beneficiario do transporte escolar. Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Alumnado beneficiado por accións de facilitación de material escolar. Préstamos domiciliarios nas bibliotecas escolares. Alumnado usuario de libros dixitais. Centros que participan no programa plurilingüe. Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.
Programas de gasto	423A: Servizos e axudas complementarias da ensinanza.

Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI.2.3.01: Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria galega.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións de cooperación no exterior. ■ Programas de educación para o desenvolvemento. ■ Medidas de Acción Humanitaria. 	331A
<p>OI.2.3.02: Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións de soporte xeral aos servizos xerais de promoción social. 	311A



2.2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero

EIXE 2 BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL	
Prioridade de actuación	PA.2.4: Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero.
Retos estratéxicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fomentar unha intervención de calidade dos servizos sociais na abordaxe das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. 2. Atender de xeito específico os factores de exclusión social que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para acadar a súa plena integración social. 3. Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral. 4. Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo. 5. Promover o acceso á educación e á formación, previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias. 6. Promover a inclusión social e a empregabilidade mediante estratexias de cualificación a través de recursos educativos e de formación para o emprego e da aprendizaxe permanente. 7. Favorecer a inclusión social a través da atención e coidado da saúde. 8. Mellorar o acceso á vivenda como aspecto clave na inclusión social. 9. Continuar dotando á Administración de xustiza e aos concellos dos recursos necesarios para loitar adecuadamente contra a violencia de xénero e a desigualdade entre os homes e as mulleres e por igual en todo o territorio 10. Impulsar o compromiso de todas as administracións públicas e tecido empresarial cos espazos libres de violencia machista e coa corresponsabilidade no fogar. 11. Loitar contra a trata con fins de explotación sexual. 12. Concienciar á sociedade na igualdade de xénero e na repulsa ante a trata de persoas con fin de explotación sexual e o consumo e a demanda que a alimenta a prostitución. 13. Dar cobertura ás axudas a vítimas de violencia de xénero durante todo o ano, habilitando os mecanismos orzamentarios precisos para poder dispor dos créditos suficientes para satisfacer o acceso a elas de todas aquelas solicitantes con dereito, así como traballar para conseguir un pacto de Estado contra a violencia machista.
Planificación sectorial	Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020. Plan Integral de Emigración 2014-2016. VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015. Plan de formación de servizos sociais comunitarios 2015. Programa RECONDUCE. Plan de desenvolvemento xitano. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020
Programas de gasto	312A, 312C, 313B, 313C, 313D.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.4.01: Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social.
Diagnóstico	Nos últimos anos produciuse un incremento da poboación en risco de pobreza e exclusión social. Os datos en Galicia de 2012 reflicten que había 636.882 persoas en risco de pobreza ou exclusión social (o 23,6% da poboación), das que 45.589 (o 1,7%) eran pobres utilizando calquera dos tres conceptos que constitúen o indicador: pobreza económica, carencia material severa e baixa intensidade de traballo. As principais manifestacións de pobreza están nos fogares con nenos/as a cargo (26,3%), sobre todo nos fogares monoparentais nos que máis da metade están en situación de risco de pobreza ou exclusión social. O grupo de idade de 16 a 24 anos é o que presenta unha taxa máis elevada, lixeiramente superior nas mozas. Ao contrario, as persoas maiores de 65 anos son os que teñen unha taxa máis reducida. As mulleres presentan unha taxa 4 décimas superior aos homes. Ao mesmo tempo, existe un importante número de persoas rexistradas como paradas e das que, esgotadas todas as prestacións e subsidios de desemprego, teñen como único recurso a solicitude de prestacións da renda de inclusión social (RISGA) e axudas de inclusión social (AIS).
Necesidades Retos	Asegurar os medios económicos para a subsistencia das persoas que teñen como único recurso a solicitude de prestacións da renda de inclusión social (RISGA) e axudas de inclusión social (AIS) e apoiar ás entidades de iniciativa social que prestan unha cobertura de última barreira de contención dos problemas de necesidade económica e marxinalidade. O reto é consolidar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e dar resposta ás crecentes demandas das persoas que acoden ás entidades de iniciativa social para a satisfacción das súas necesidades máis básicas, así como das que son usuarias das entidades que prestan apoio ás persoas e grupos de poboación máis desfavorecidos ou en risco de marxinalidade.
Resultados que se pretende conseguir	Aumentar a taxa de cobertura da poboación en risco de pobreza.
Indicador de resultado	IR 2.4.01: % de persoas beneficiarias das axudas e prestacións sobre a poboación en risco de pobreza
Planificación relacionada co obxectivo	Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020.
Principais liñas de actuación	Renda de Inclusión Social de Galicia. Axudas de Inclusión Social. Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM). Programas para cubrir as necesidades básicas de persoas con carencias económicas e especiais dificultades de inserción, a través da colaboración das entidades de iniciativa social.

Indicadores de produtividade	<p>Persoas beneficiadas.</p> <p>Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social.</p> <p>Centros/programas financiados.</p> <p>Persoas en risco de exclusión atendidas para cobertura de necesidades básicas, desagregadas por sexo.</p> <p>Axudas AIS concedidas, desagregadas por sexo.</p> <p>Persoas perceptoras RISGA, desagregadas por sexo.</p>
Programas de gasto	<p>312A: Protección e Inserción Social.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.4.02: Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.
Diagnóstico	<p>A presenza da cidadanía galega no exterior incrementouse en 110.371 no período 2009-2015 con datos a 1 de xaneiro. O continente americano é o destino con maior incremento (98.748 novos cidadáns e cidadás e 34,3% de variación) fronte a Europa (10.428 novos cidadáns e cidadás, +11,2%). Este feito está relacionado co acceso á nacionalidade española dun número moi importante de persoas descendentes de galegos e de maneira tanxencial polo incremento natural da poboación. A poboación nacida en Galicia residente no estranxeiro descende desde 2009 un 2,9%. O 32% dos residentes en América teñen máis de 65 anos, dato que duplica ao de Europa. Galicia sitúase entre as seis primeiras CC.AA. en canto ao volume de persoas retornadas.</p> <p>En Galicia hai 98.245 persoas estranxeiras (segundo estatística de Padrón continuo a data 1 de xaneiro de 2015), o que representa o 3,57% da poboación. Destas persoas, a 58.318 aplícaselles o réxime xeral e 39.927 e pertencen a UE. As principais nacionalidades son portuguesa, romana, brasileira, marroquí e colombiana, por esa orde, e 14 concellos contan cunha porcentaxe de poboación extracomunitaria superior ao 3% do seu Padrón municipal. En España a media de persoas estranxeiras representa o 12%.</p>
Necesidades Retos	<p>Paliar as situacións graves de carencia e desprotección da poboación galega residente no exterior, en especial as persoas maiores.</p> <p>Prestar apoio ás actuacións que realizan as entidades asociativas asentadas fóra do territorio.</p> <p>Garantir a continuidade das entidades galegas de fóra de Galicia, de xeito especial, a unión de entidades que compartan o mesmo espazo territorial.</p> <p>Paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas, así como contribuír á súa integración socio-laboral na comunidade autónoma.</p> <p>Avanzar na integración da poboación inmigrante entendendo que a mellor maneira de acadar esa integración é a través do emprego, pero non hai que descoidar aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas, o coñecemento da sociedade de acollida e a convivencia.</p>
Resultados que se pretende conseguir	<p>Asegurar a cobertura das necesidades básicas de subsistencia do colectivo de persoas galegas máis vulnerables residentes no exterior.</p> <p>O mantemento e preservación das entidades galegas do exterior que desenvolven a atención socio-sanitaria e outros programas en áreas formativas, culturais, de xuventude, para a mellora da vida da cidadanía galega residente no exterior que coadruven á conservación do seu patrimonio histórico e cultural.</p> <p>A reincorporación das persoas galegas emigrantes retornadas á sociedade galega, nun entorno social e laboral favorable.</p> <p>Redución da pobreza e exclusión social das persoas inmigrantes no territorio da comunidade autónoma.</p>
Indicador de resultado	<p>IR 2.4.02.a % de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.</p> <p>IR 2.4.02.b Taxa de risco de pobreza ou exclusión social da poboación inmigrante en Galicia.</p>

Planificación relacionada co obxectivo	Plan Integral de Emigración 2014-2016. Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020.
Principais liñas de actuación	<p>Atención socioasistencial e sociocultural á cidadanía galega do exterior.</p> <p>Atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas.</p> <p>Impulso da participación da muller e da xuventude nas entidades galegas.</p> <p>Apoio ao retorno a través de axudas económicas e de fomento da actividade emprendedora e autoemprego.</p> <p>Atención a participantes a través de dispositivos de inclusión social da Administración autonómica.</p> <p>Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e/ou polas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.</p> <p>Programa de apoio ás persoas sen fogar.</p> <p>Manter con carácter estrutural o Plan de Acollida e Integración de Persoas Refuxiadas en Galicia, mantendo o compromiso de: aloxamento, información e asesoramento legal, orientación e garantía de acceso aos servizos públicos básicos de educación, saúde e políticas sociais, atención psicolóxica, atención social especializada, alfabetización e coñecemento da lingua galega e castelá, acceso a actividades ocupacionais e de lecer.</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Persoas beneficiarias. Entidades beneficiarias.</p> <p>Actuacións de estudo, difusión e promoción.</p> <p>Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración, desagregadas por sexo.</p> <p>Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como a poboación romani), desagregados por sexo.</p>
Programas de gasto	312C: Servizos sociais relativos ás migracións.

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.4.03: Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres.
Diagnóstico	<p>En 2014 as taxas de actividade e de ocupación, do grupo de idade de 16 a 64 anos, presentan no caso das mulleres valores inferiores aos dos homes, de 8 e 6 puntos respectivamente.</p> <p>A taxa de risco de pobreza ou exclusión social é superior nas mulleres en todos os grupos de idade.</p> <p>As mulleres continúan a ser as que, maioritariamente, atenden as responsabilidades polo coidado dos e das menores e/ou das persoas maiores dependentes.</p> <p>O salario medio anual das mulleres é un 22% inferior aos dos homes.</p> <p>En 2013 a porcentaxe de mulleres con presenza na I+D+I era do 41%.</p>
Necesidades Retos	<p>Reducir ou eliminar a discriminación por razón de sexo.</p> <p>Promover o emprendemento e o autoemprego femininos.</p> <p>Impulsar actividades de información, formación, orientación, asesoramento, acompañamento e sensibilización que contribúan a concienciar sobre a necesidade de acadar a igualdade entre mulleres e homes.</p>
Resultados que se pretende conseguir	A mellora no obxectivo da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nos ámbitos social e laboral.
Indicador de resultado	<p>IR 2.4.03.a: Fenda salarial entre mulleres e homes.</p> <p>IR 2.4.03.b: Taxa de ocupación de 16 a 64 anos feminina.</p>
Planificación relacionada co obxectivo	VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015.
Principais liñas de actuación	<p>Promoción do autoemprego e do emprendemento femininos.</p> <p>Potenciación da participación das mulleres en todos os ámbitos sociais en condicións de igualdade.</p> <p>Promoción da igualdade no ámbito local.</p> <p>Modificación dos valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade.</p> <p>Colaboración coas entidades que traballan con mulleres en situación de especial vulnerabilidade.</p>
Principais indicadores de produtividade	<p>Participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade.</p> <p>Número de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade.</p> <p>Número de mulleres pertencentes a colectivos vulnerables que recibiron información, atención ou asesoramento.</p> <p>Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións.</p> <p>Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación da vida familiar.</p>
Programas de gasto	313B: Accións para a igualdade, protección e promoción da muller.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.4.04: Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación.
Diagnóstico	Dende o comezo da crise económica produciuse un incremento da poboación en risco de pobreza ou inclusión social. En 2012 había, segundo o indicador AROPE, 636.882 persoas en risco de pobreza ou exclusión social (o 23,6% da poboación), das que 45.589 (o 1,7%) eran pobres utilizando calquera dos tres conceptos que constitúen o indicador: pobreza económica, carencia material severa e baixa intensidade de traballo. A porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa é do 6,9% e o 13,8% de persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo.
Necesidades Retos	<p>Abordar os impactos da crise que se manifestan como novos factores de vulnerabilidade ou aqueles que xa existían e cuxa persistencia en situacións persoais ou familiares poñen en risco as posibilidades de revertir procesos de pobreza e exclusión social e, incluso, afectar a varias xeracións. Os principais desafíos a abordar son:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Factores de vulnerabilidade relacionados coa perda ou diminución de ingresos pola perda ou falla de acceso ao emprego, como o feito de residir nun fogar de baixa intensidade laboral. O número de persoas que residen nestes fogares, por exemplo, pasaron do 7 ao 14% entre o ano 2008 e o 2012. ■ A taxa de desemprego de longa duración, que se situaba no ano 2010 no 5,5%, e no 2014 foi do 11,6%. A persistencia da falla de emprego repercute nos diferentes ámbitos da vida dunha persoa. Neste sentido, pode provocar un proceso de deterioro da situación persoal a varios niveis, desde a autoestima ata a participación social, ao que se engade outro proceso de descualificación derivado da falla de experiencia laboral recente ou a falla ou desactualización de coñecementos, o que dificulta as posibilidades de volver ao mercado de traballo. ■ A pobreza infantil, que constitúe un dos principais focos de atención en relación cos impactos sociais da crise. En 2012, a taxa de risco de pobreza nos fogares con nenos/as a cargo sitúase no 20,9% e a taxa AROPE nun 26,3%.
Resultados que se pretende conseguir	Redución da pobreza e exclusión social no territorio da comunidade autónoma.
Indicador de resultado	IR 2.4.04: Taxa de risco de pobreza ou exclusión social.
Planificación relacionada co obxectivo	Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Plan social contra a desigualdade económica.

<p>Principais liñas de actuación</p>	<p>Accións individualizadas de formación e acompañamento social coas persoas en situación ou risco de exclusión social; accións coas persoas e grupos desfavorecidos; e proxectos de dinamización sociocomunitaria en áreas en exclusión territorial, que de seguido se relaciona:</p> <p>Atención a participantes a través de dispositivos de inclusión social da Administración autonómica.</p> <p>Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e polas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.</p> <p>Mantemento da rede de servizos sociocomunitarios.</p> <p>Investimentos para a adecuación dos centros de inclusión social.</p> <p>Programa de apoio ás persoas sen fogar.</p>
<p>Indicadores de produtividade</p>	<p>Persoas beneficiadas ou participantes, desagregadas por sexo</p> <p>Número de proxectos.</p> <p>Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS, desagregadas por sexo.</p> <p>Centros/programas financiados.</p> <p>Persoas de etnia xitana beneficiadas, desagregadas por sexo.</p> <p>Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como a poboación romani), desagregados por sexo.</p>
<p>Programas de gasto</p>	<p>313C: Servizos sociais comunitarios.</p>

Título do Obxectivo estratéxico	OE 2.4.05: Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte e esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias.
Diagnóstico	A taxa do número de denuncias por violencia de xénero por millón de mulleres, foi en 2013 de 3.616, un 30% inferior á taxa en España. En 2014 houbo 6 mulleres mortas por violencia de xénero a mans da súa parella ou ex parella.
Necesidades Retos	Protexer e apoiar ás mulleres que sofren violencia de xénero. Poñer en marcha programas específicos que promovan a inserción laboral das vítimas de violencia de xénero como un medio para conseguir a súa recuperación integral. Incidir en medidas de sensibilización sobre as causas e efectos que a violencia de xénero ten sobre as mulleres, sobre os nenos e as nenas, e sobre a sociedade en xeral.
Resultados que se pretende conseguir	Consolidación da rede de recursos, programas e medidas específicas e especializadas, para abordar a violencia de xénero dende unha perspectiva de asistencia social integral ás mulleres que a sofren e ás persoas ao seu cargo. Fortalecemento e impulso das medidas de prevención, para avanzar na paulatina redución desta lacra social ata a súa erradicación.
Indicador de resultado	IR 2.4.05: Denuncias por violencia de xénero.
Planificación relacionada co obxectivo	VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015.
Principais liñas de actuación	Protección e apoio integral a vítimas de violencia de xénero. Accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero. Accións específicas dirixidas a mulleres vítimas da trata ou explotación sexual. Consolidación da rede galega de acollemento. Información, formación e sensibilización en materia de violencia de xénero. Medidas para mellorar a cobertura de seguridade, xurídica e económica para as Vítimas de Violencia de Xénero.
Principais indicadores de produtividade	Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Número de accións de información, formación, sensibilización en materia de violencia de xénero. Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións.
Programas de gasto	313D: Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero.

2.2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia

EIXE 2 BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL	
Prioridade de actuación	PA.2.5: Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.
Retos estratéxicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Xunta de Galicia debe facilitar o acceso á vivenda aos galegos e galegas por medio de políticas dirixidas a potenciar a existencia de vivendas axeitadas ás necesidades das familias, en réxime de compra ou aluguer e con prezos limitados e axudas específicas aos colectivos máis desfavorecidos. Este reto perseguirase a través de catro programas de actuación. <ul style="list-style-type: none"> ■ Promocións públicas de vivendas. ■ Apoio á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica. ■ Apoio aos adquirentes e cooperativas de vivendas de protección autonómica. ■ Alugueiro de vivenda. 2. Rehabilitación e renovación urbana, un dos criterios básicos de calquera crecemento que busque sustentabilidade é apoiarse sobre os núcleos existentes. Os núcleos tradicionais proporcionan unha opción residencial de calidade, alternativa á urbanización difusa, con gran capacidade de atraer novos residentes e construír comunidades cohesionadas como base esencial de benestar e desenvolvemento. Este reto desenvolverase a través de catro programas de actuación. <ul style="list-style-type: none"> ■ Rehabilitación illada. ■ Rehabilitación directa polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). ■ Áreas de rehabilitación integral. ■ Outras actuacións de rehabilitación. 3. Prevención da exclusión residencial, malia o carácter marcadamente social das anteriores actuacións, neste eixe agrúpanse os programas que pretenden dar cobertura ás situacións de especial risco de exclusión residencial que na meirande parte dos casos deben combinar actuacións de apoio ao acceso á vivenda con medidas de apoio social ou integración laboral. <ul style="list-style-type: none"> ■ Vivenda de inserción. ■ Realoxamento de persoas afectadas por desafuzamentos. ■ Programas de apoio a situacións de emerxencia residencial.
Planificación sectorial	Plan Rehavita; Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.
Programas de gasto	451B, 451C.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.5.01. Facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos.
Diagnóstico	<p>O número de vivendas en Galicia é de 1.059.233 (Censo 2011). O peso das vivendas en aluguer supera o 10%, as vivendas en propiedade sen cargas supoñen case o 60% e as vivendas propias con pagos pendentes superan o 12,5 % do total.</p> <p>A porcentaxe de fogares galegos con hipoteca sobre a vivenda principal no ano 2012 era do 21,9%, deles un 5,5% destina máis do 50% dos seus ingresos ao pago da hipoteca. No caso das vivendas familiares principais en réxime de aluguer, que no ano 2012 ascendía ao 11,9% dos fogares galegos, a proporción dos que destinan máis do 50% dos seus ingresos ao pago do aluguer sobe ata o 11%.</p> <p>Ademais, un 25% dos fogares teñen ingresos inferiores a 1.000 € mensuais, e un 44,6% inferiores a 1.500€. Isto supón un obstáculo ao acceso a vivenda, como queda acreditado cos datos dos inscritos no rexistro de Demandantes de vivendas protexidas.</p> <p>Por outra banda, existe tamén un problema de fogares que non dan atendido ao pago da súa cota hipotecaria por mor da crise económica e da inestabilidade laboral o que produce situacións de perda da súa vivenda.</p> <p>A situación do acceso á vivenda, salvando as diferenzas demográficas e de localización das vivendas, é similar á do resto do territorio nacional e as diferenzas con outros países europeos radican, principalmente, no menor peso que ten o aluguer en Galicia, como forma ordinaria de acceso.</p>
Necesidades Retos	<p>Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente daqueles con baixos ingresos.</p> <p>Dar cobertura a aquelas situacións que, por mor da crise, se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual, ou que xa a perderon e necesitan unha vivenda para reiniciar a súa reincorporación ao ámbito laboral e social.</p>
Resultados que se pretende conseguir	Posibilitar o acceso tanto en compra como en aluguer, especialmente para os colectivos máis desfavorecidos, incrementar a vivenda de promoción pública. Impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.
Indicador de resultado	IR 2.5.01. Unidades convivenciais que se benefician das medidas de acceso á vivenda.
Planificación relacionada co obxectivo	Plan Rehavita; Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.
Principais liñas de actuación	<p>Accións para promover o acceso á vivenda en propiedade.</p> <p>Accións para promover o acceso á vivenda en aluguer.</p> <p>Prevenición da exclusión residencial.</p>
Indicadores de produtividade	<p>Vivendas/aloxamentos con concesión de subvención.</p> <p>Axudas concedidas.</p> <p>Superficie de planeamento en tramitación.</p> <p>Superficie de solo residencial urbanizado.</p> <p>Vivendas de promoción pública licitadas polo IGVS.</p> <p>Superficie de solo residencial adquirido.</p> <p>Convenios e/ou acordos asinados.</p>
Programas de gasto	451B. Acceso á vivenda.

Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI.2.5.01: Contribuír a garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Accións de soporte xeral á dirección e aos servizos xerais de vivenda e solo.	451C

